

## Adelaida

Cando e onde? Aínda que intente recordalo non o consigo. Todo pasou hai demasiado tempo.

Recordo ir por un bosque cun grupo de tres mulleres, catro se me conto a min mesma. Pero a cousa que enche a miña memoria e o son da choiva ao comezar a precipitar e mollar o chan progresivamente. Nese intre, comezamos a buscar algún refuxio onde poder pasar o tempo ata que deixara de chover, e así foi como atopamos unha pequena cabana no medio do bosque.

Cando a divisamos observamos que lle saía fume da cheminea, así que supuxemos que alí habería alguén.

Unha vez chegamos á porta e chamamos o único son que nos respondeu foi o silencio. Volvemos chamar a porta por se non se deran conta. Desta vez esta abriuse, emitindo un son oxidado.

Se puidese retroceder no tempo nunca tería entrado.

As luces da cabana estaban acesas, e a cheminea tamén. Enriba desta había unha especie de cadro dunha moza rubia, de ollos azuis cun vestido dos que levan nas capitais onde eu vivía; certamente parécese bastante a min. E na esquina inferior dereita do marco aparecía a frase: “Perdóame, miña pequena e doce Adelaida”. En canto lin ese nome, quedeime petrificada; non pode haber tanta coincidencia. Recordos veñen á miña mente. Debo facer algo antes de...

Pouco a pouco vai escurecendo e nós decidimos quedar alí a pasar a noite, xa que a choiva continuaba. Cando xa non se vía nada no exterior, as catro acercámonos á cheminea para quecermos un pouco, xa que ía moito frío. Mentres, estabamos sentadas diante desta e preguntándonos que lle puido pasar á moza do cadro para que alguén lle pida perdón.

– Que me pasou? – Unha voz tétrica fíxose soar na sala.

De repente, unha das mozas que estaba ao meu carón ergueuse lentamente mentres collía o atizador da cheminea e o cravaba no seu ventre repetidas veces ata que o seu corpo caeu o chan.

Nós as tres dirixímonos á porta para fuxirmos do lugar, pero estaba atascada. Dun momento a outro ouviuse o son duns vidros romperse, e outra das mozas caeu ao chan. Un charco de sangue procedente da súa cabeza comezou a formarse ao seu arredor.

Conseguimos abrir a porta e saír correndo polo medio do bosque. Collín a man da última rapaza para non separarmos, pero de pronto soltoume e volveuse parte da noite. Cando quixen xirarme para ver que lle pasara, vinme morta no chan.

Antes de que todo desaparecese, acórdome de como se rían de min os corvos, mentres me berraban “Morte, morte”.

Agora que chegamos a este punto, preguntaraste como estou contando esta historia se estou morta.

É moi sinxelo. Iso é porque eu son Adelaida, e isto é o que me queda por facer neste mundo: contarvos como me mataron.